



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



Santiago de Compostela, 30 de abril de 2019

A/A do/a DIRECTOR/A

Por medio da presente queremos solicitar a súa colaboración para que informe entre o seu colectivo escolar dos **CAMPAMENTOS DEPORTIVOS DE VERÁN 2019** que organiza a Deputación da Coruña a partir do 30 de xuño, e ao longo de catro quendas.

Para este ano, o Concello de Santiago de Compostela conta con **18 prazas** para a **4ª quenda (do 21 ao 26 de xullo)** na que poderán participar os rapaces e rapazas empadroados en Santiago e que teñan entre 9 e 14 anos, cumpridos no presente ano 2019.

Para inscribirse, é preciso que presenten, en calquera dos Rexistros do Concello, a seguinte documentación:

- 1.- Ficha de inscrición debidamente cuberta e asinada polos pais ou titores do solicitante.
- 2.- Unha foto tipo carné.
- 3.- Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- 4.- Fotocopia do Libro de familia ou carné de identidade.
- 5.- Copia de aboamento da cota de inscrición. (Posterior á confirmación da praza por parte do Concello). (A cota de inscrición son 85 €)
- 6.- No suposto de que a/o nena/o necesitara ter un tratamento específico ou doenza que se deba ter en conta, xustificante médico asinado polo facultativo pertinente. **IMPORTANTE** facer constar as alerxias alimentarias ou de calquera outro tipo.

Os Rexistros do Concello son:

- **Rexistro Xeral** : R/ Presidente Salvador Allende, 4 Baixo (Galeras)
- **Rexistro Auxiliar do Ensanche**: Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16 (Centro Sociocultural)

A data límite de presentación da inscrición remata o 31 de maio de 2019.

Terán preferencia os/as rapaces/as que non participasen no campamento deportivo da Deputación en edicións anteriores.

No caso de ter máis solicitudes que prazas asignadas pola Deputación, o Concello realizará un sorteo diante do Secretario, unha vez rematado o prazo de inscrición.

Máis información:

Departamento Municipal de Deportes: 981 52 87 30 e deportes.santiagodecompostela.gal

Gabinete de Deportes da Deputación da Coruña: 981 08 06 44 e www.dacoruna.gal/deportes
gabinete.deportes@dacoruna.gal

Agradecemos de antemán a súa colaboración

DEPARTAMENTO DE DEPORTES

